

DISTRIBUCIÓN DO INGRESO RURAL EN COLOMBIA E LIÑA DE POBREZA: 2004-2014

Brayan Alexander BARON ORTEGON

Universidade Nacional de Colombia, babarono@unal.edu.co

Resumo. Neste traballo respóndese á seguinte pregunta Por que no período: 2004-2014, reduciuse a pobreza rural en Colombia, se a concentración do ingreso rural non baixou? Para respondela, faise unha análise das taxas de crecemento das series de crecemento do ingreso rural, distribución do ingreso rural, pobreza rural, o coeficiente de Gini do ingreso e poboación rural. Logo de responder á anterior pregunta, faise unha descrición do impacto da diminución da pobreza rural no período estudado, sobre algunhas das variables de calidade de vida da poboación rural, para concluír que estas foron febles. Analízase ademais a influencia do desenvolvemento económico sobre a diminución da pobreza.

Abstract. In this paper, the following question is answered: Why in the study period 2004-2014, Colombian rural poverty decreased, even if rural income shares did not change? In order to do so, an analysis of growth rates of some economic series is done, such as: rural income growth, rural income shares, rural poverty, Gini coefficient of income and rural population. After, possible impacts of the decreasing rural poverty on some quality of life variables of Colombian rural population are described, finally concluding them to be feeble. Besides, the influence of economic development on poverty reduction is analyzed.

Palabras chave: Desenvolvemento económico rural; Política pública rural, Pobreza rural; Colombia; Ingreso rural; Poboación rural.

Keywords: Rural development economics; rural public policy; rural poverty; Colombia; rural income; rural population.

Códigos JEL: D3, D31, D33, O1, O15.

1. Introducción

En Colombia, dende a década de 1970 viuse unha explosión na desigualdade do ingreso, tanto urbano como rural. A nivel mundial houbo unha lixeira melloría na distribución por quintís no período 1990-2007: Ortiz e Cummins (2012) amosan que no devandito período a distribución global do ingreso diminuíu lixeiramente para o quintil de maior ingreso. Con datos valorados conforme a paridades de poder de compra o quintil de maior ingreso, Q5, pasou do 75.3% en 1990 ao 69.5% en 2007, namentres que os demais quintís melloraron a súa situación: Q4 pasou do 14.9% en 1990 ao 16.5% en 2007, Q3 pasou do 5.4% ao 7.8%, Q2 pasou do 3.0% ao 4.2% e Q1 do 1.5% ao 2.0%. Conforme aos datos do Banco Mundial (2018), a incidencia da pobreza (base de U\$1.9; PPA 2011) a nivel mundial diminuíu nos últimos 38 anos, pasando de 40.1% da poboación en 1981 al 10.9 % en 2013.

No caso de Colombia, como na meirande parte dos países, o crecemento da produción por habitante contribuíu á diminución da pobreza, o cal tivo implicacións nas melloras potenciais e reais do nivel de vida da poboación colombiana, asociadas a uns niveis potenciais e reais de ingreso nun momento dado (Hernández, 2015). Polo tanto, a pregunta á que nos enfrontamos é: Por que no período: 2004-2014, reduciuse a pobreza rural, se a concentración do ingreso rural non diminuíu? A escolla do período tivo en conta dous factores: a dispoñibilidade de datos e a actualidade da pregunta e consecuentemente a súa maior relevancia.

Casas (2015) estuda como as diferentes metodoloxías de medición de pobreza inciden no número de pobres contabilizados dende 2011 en Colombia, concluíndo que a aplicación das diferentes medidas non é en ningunha medida neutral, pois da súa escolla, dependen

parcialmente as conclusións dos estudos feitos en materia de pobreza e desenvolvemento, polo tanto, inflúen na focalización de recursos, subsidios e política pública de desenvolvemento e loita contra a pobreza. Casas (2015) fai fincapé en como a adopción da metodoloxía da CEPAL en Colombia en 2011 implicou a desaparición no papel de arredor de tres millóns de pobres. Por esta razón, antes de nada, cómpre dicir que a CEPAL, que é a principal fonte de datos neste traballo, usa nas súas bases de datos, as definicións dos entes estatais de cada país encargados da publicación de estatísticas, no caso colombiano, o DANE¹. A definición dada polo DANE (2016, p.1) de ruralidade e polo tanto a aquí usada é:

“Área rural ou resto municipal: caracterízase pola disposición dispersa de vivendas e explotacións agropecuarias existentes nela. Non conta cun trazado ou nomenclatura de rúas, estradas, avenidas e demais. Tampouco dispón, polo xeral, de servizos públicos e outro tipo de facilidades propias das áreas urbanas”.

Este traballo enfocárase na distribución do ingreso rural, o cal dada as particularidades dos diferentes territorios rurais colombianos, presentou unhas características propias en cada un deles, pero tamén presentou algúns elementos comúns. Estes últimos foron principalmente:

1. Un longo conflito armado, o cal desprazou a millóns de persoas e levou ao despoxo e apropiación (legal e non legal) de millóns de hectáreas de propiedade campesiña e de pequenos produtores, por parte de grupos armados, latifundistas, empresas multinacionais, etc. (Fajardo, 2015).
2. Unha alta concentración da propiedade rural (Gini 0.87) (CNMH, 2013), que implica non só ineficiencias económicas (os campesiños e pequenos produtores, en xeral, son máis eficientes, competitivos e produtivos), senón tamén consecuencias noutros aspectos sociais, pois a través desta concentración, dáse unha xerarquía relacional de dominación, acougo e explotación a nivel territorial, social, político, económico e cultural. Este conxunto de relacións é mantido a través da violencia (armada, cultural e institucional) (Ibáñez, 2011; Binswanger et al, 1995).
3. O Estado e a súa incapacidade de cumprir todos os seus deberes constitucionais e prover os bens e servizos públicos suficientes, na meirande parte do territorio nacional, especialmente nas rexións máis afastadas e áreas rurais. Esta incapacidade histórica, levou a que, nestas rexións, eses vacíos de poder e institucionais se enchan con poderes rexionais e locais, que só seguen os seus propios intereses de renda-especulativos, políticos, sociais, etc., en detrimento do benestar, propiedade e mesmo a vida das comunidades e individuos (xeralmente pequenos agricultores familiares e campesiños) que viven nestes lugares. Esta debilidade institucional foi aproveitada moitas veces por estes poderes locais, para usar e capturar a pouca presenza estatal nestes niveis e usala para acadar os seus distintos fins (Fajardo, 2013).

¹ Vale a pena resaltar que, no ano 2006, o DANE levou a cabo unha reforma na súa metodoloxía e tratamento de datos, o que fai que moitas series producidas pola institución non teñan observacións para os anos 2006 e 2007. Neste traballo, cando as observacións dos anos 2006-2007 non estean dispoñibles, usárase para eses anos a media simple entre as observacións dos anos: 2004, 2005, 2008 e 2009.

Na próxima sección presentamos un resumo da evolución do desenvolvemento económico e a pobreza en Colombia.

2. Desenvolvemento económico e pobreza en Colombia 1980-2015

Para entender mellor a evolución da distribución do ingreso no período estudado e os seus efectos no desenvolvemento económico do país, vale a pena, observar tamén a evolución do valor agregado da produción industrial, manufactureira e agrícola per cápita, a nivel nacional, dende a década de 1980 a 2015.

Guisán e Aguayo (2001) analizan a evolución da produción real por habitante de Colombia en comparación con outros países de América no período 1980-1999, amosando que o valor da produción industrial per cápita de Colombia (en Dólares e paridades de poder adquisitivo de 1990) foi de 1066 en 1980 e de 1527 en 1990, amosando unha taxa de crecemento do 23% de media nesa década. En comparación, a media dos outros países da área occidental de Suramérica (AOS), conformada por Perú, Chile, Ecuador, Venezuela, Colombia e Bolivia, excluindo Colombia, foi de 1373 en 1980 e de 1248 en 1990, amosando un decrecemento do 10 %. É dicir que Colombia tivo na década de 1980 unha maior industrialización relativa per cápita en comparación cos outros países da AOS. Malia iso, Colombia foi superado en produción industrial per cápita por todos os países da AOS, agás Bolivia.

Con respecto á década de 1990, a taxa de crecemento da produción industrial per cápita da AOS agás Colombia foi do 24.8%, namentres que a de Colombia foi do -4.5%, explicada en parte pola Abertura comercial do presidente Gaviria e pola crise financeira de 1998-1999, sendo superada de novo, ao comezo do milenio en termos de produción industrial per cápita, por Chile (3108) e Perú (2003), pero adiantando Colombia (1458) xa a Ecuador, Venezuela e Bolivia. A media para a rexión, agás Colombia, foi de 1661 (Guisán e Aguayo, 2001).

É importante destacar que a poboación media en Colombia, 34.000.000 foi maior cá dos outros países da AOS, 14.000.000, durante ámbalas dúas décadas (CEPAL, 2018).

Guisán e Aguayo (2015) amosan que a evolución da produción manufactureira real per cápita de Colombia, no período 2000-2015, expresada en Dólares do ano 2005, conforme a paridades de poder adquisitivo, só aumentó de 965 a 1102, é dicir un 14 %, o cal é un resultado pobre, se o comparamos coa media mundial, que só na década de 2000-2010, creceu un 21%, pasando de 1424 no ano 2000 a 1728 no ano 2010.

En liñas xerais, o PIB per cápita por actividade económica a dólares constantes de 2010, o de agricultura, gandaría, silvicultura e pesca, en Colombia, pasou de ser 380 dólares en 1990 a 454 dólares en 2015, tendo unha taxa de crecemento anual media de 0.7%, crecendo un 18% neses 25 anos, se o comparamos co das industrias manufactureiras, pódese observar un comportamento semellante, pois este último pasou de ser 727 en 1990 a 842 dólares, tendo unha taxa de crecemento anual media lixeiramente inferior, 0.67%, aumentando un 13% no período 1990-2015 (CEPAL, 2018). Se comparamos estes dous co PIB per cápita total, vemos que tiveron un crecemento moi baixo, pois este último pasou de ser 4295 en 1990 a 7446 en 2015, cunha taxa de crecemento anual media de 2.2% e unha variación nestes 25 anos do 73% (CEPAL, 2018). As devanditas diferenzas pódense explicar parcialmente polo valor agregado maior per cápita con relación a industrias e manufactureiras e agricultura, gandaría, silvicultura e pesca, por parte de actividades económicas como construción cuxa taxa de crecemento de media anual foi de 3.15%; transporte de 2.92% e intermediación financeira, inmobiliarios, empresariais e de alugueiro 2.8 %, etc. (CEPAL, 2018).

A contribución anual media do sector agrícola, gandaría, silvicultura e pesca á taxa de crecemento, no período 1990 -2015, tivo unha tendencia decrecente, pasando de ser 0.5%

en 1990 a só 0.15% en 2015. Por outra banda, a taxa de crecemento media foi de 3.7% (CEPAL, 2018). Unha análise máis detallada deste sector inclúese no Anexo 1.

No período 1980-2015, o valor agregado anual medio do sector industrial ao crecemento foi de media do 1.71% e o valor agregado como porcentaxe do PIB, no mesmo período foi de 16.5%, amosando unha clara tendencia decrecente de desindustrialización da economía, pois en 1980 o devandito valor correspondía ao 23.2%; en 1990 ao 19.94%; no 2000 ao 13.93%, no 2010 ao 12.75% e no 2015 ao 11.39% (Banco Mundial, 2018). Cómpre impulsar o desenvolvemento industrial xa que propicia o desenvolvemento económico dos sectores non industriais e permite dispoñer de maiores recursos para erradicar a pobreza.

Conforme aos datos provistos por Guisán e Aguayo (2015), o PIB real per cápita colombiano, en Dólares a prezos e paridades de poder de compra de 2005, pasou de 6433 no ano 2000 a 8479 no ano 2010 e 10112 no ano 2015. Isto é importante, xa que por definición o incremento do ingreso per cápita contribúe á diminución da pobreza, ademais de ser un impulso á industria, consumo e, polo tanto, á demanda agregada e crecemento económico, o cal á súa vez é unha condición necesaria para acadar o desenvolvemento económico. O anterior explica en parte, porque en Colombia, a porcentaxe de Coeficiente da fenda de indixencia e pobreza pasou do 25.6% no ano 2000, ao 20% no ano 2005, 15.2% no ano 2010 e ao 10.9% no ano 2015, reducíndose en máis da metade no que leva do milenio (CEPAL, 2018).

Como feito estilizado, a porcentaxe de cabezas de fogar en situación de pobreza diminúe, en moitos países, a medida que aumenta o nivel educativo. No caso de Colombia, conforme a Domínguez (2011), usando datos para o ano 2008, a porcentaxe de pobreza acada o 75% para xefes de fogar de baixo nivel educativo (Ningún); o 43% naqueles con estudos de secundaria e o 10% no caso de estudos superiores ou universitarios. Por iso é relevante observar a dinámica do gasto en educación durante o período, no caso colombiano, que tivo unha tendencia crecente como porcentaxe do PIB, pasando de ser o 1.7% en 1980, ao 3.5% no 2000 e 4.5% no ano 2010. Visto como porcentaxe do gasto total do goberno pasou do 13.3% en 2000 ao 15.1% en 2015 (CEPAL, 2018).


Isto é unha mostra de como se chegou a un consenso non só na ciencia económica sobre a importancia da educación sobre variables como, por exemplo, a produtividade, etc., así como en materia de política pública e desenvolvemento económico, xa que, como se amosou amplamente na literatura de desenvolvemento, as melloras na calidade e cobertura educativa teñen un impacto positivo non só no ingreso agardado, senón tamén noutras variables de desenvolvemento económico.

Como exemplo, a nivel educativo, en zonas rurais en Colombia, o índice de extrema pobreza (FGT2) chegaba naqueles sen estudos primarios completos, a 7.93 en 1991 e a 9.56 en 2009; naqueles con secundaria completa chegaba a 2.28 en 1991 e a 4.51 en 2009 e naqueles con terceira incompleta ou educación técnica chegaba a só 0.97 en 1991 e a 2.65 en 2009 (CEPAL, 2018). Un dato alentador neste senso é que nas zonas rurais, no ano 1991, só o 13.6 % da mocidade entre 15 e 24 terminaran a súa educación secundaria, esta porcentaxe xa se duplicara para 2010 chegando ao 28.7% e ao 33.3% en 2014 (CEPAL, 2018).

2. Distribución do ingreso rural en Colombia e pobreza rural: 2004-2014

Para entender a distribución do ingreso rural e a pobreza rural, no período: 2004-2014, débese entender primeiro, como variou o crecemento do ingreso per cápita, a distribución do ingreso rural e a liña de pobreza rural.


Durante o período, a taxa de crecemento do ingreso per cápita colombiano foi do 3.6% de media (Grafico 1), a cal estivo por enriba da media latinoamericana (2.5%) (CEPAL, 2018).



Durante o período de estudo a contribución media de Agricultura, ganadería, caza, silvicultura e pesca á taxa de crecemento do produto interno bruto (PIB), foi de tan só 0.15%, mesmo amosando unha tendencia decrecente, caendo dende o 0.2% en 2004 ao 0.15% en 2014, sendo algúns anos negativa (CEPAL, 2018). A participación no produto interno bruto (PIB) do conxunto destes subsectores económicos foi de media 6.8%, caendo dende o 7.8% en 2004 ao 6.2% en 2014 (CEPAL, 2018).


É notable que estando tan ligada á propiedade territorial rural e polo tanto a un conflito tan agudo e sanguento como o colombiano, a contribución ao crecemento e participación no ingreso medio de Agricultura, ganadería, caza, silvicultura e pesca sexan tan baixas en comparación con sectores como o industrial (0.4%) (CEPAL, 2018). Isto poderíase interpretar como un reflexo da ineficiencia económica extrema no uso destes recursos, usos que están ligados directamente ás distintas configuracións sociais, económicas e políticas nestas áreas, especialmente na propiedade (concentración da terra) e formas de pertenza da terra (Fajardo, 2003), usos que non necesariamente ten en mente a maximización da eficiencia e competitividade produtiva, senón que responden a outras lóxicas extraeconómicas de acumulación, de poder político, social e económico.

No Grafico 2 pódese observar unha tendencia decrecente da poboación rural, que pasou de ser case o 40% da total na metade da década dos setenta do século XX a soamente o 24% no 2004 e o 20% no 2014, e espérase que na metade do século XXI sexa de tan só un 10% (CEPAL, 2018).




A diminución da porcentaxe da poboación rural con respecto ao total, non é un fenómeno exclusivo de Colombia, senón parte dunha tendencia global de mobilidade do traballo, resultado da perda de participación da agricultura no PIB mundial e do modelo de desenvolvemento imperante (Correa, 2012), un forte proceso de urbanización e no caso colombiano, esta diminución vese acelerada polos procesos sistemáticos de desprazamento forzado, despoxo da propiedade de campesiños e pequenos agricultores, co fin de concentrar a propiedade da terra. Este cambio na participación poboacional é un dos elementos máis relevantes para dilucidar a distribución do ingreso, xa que non só é importante entender como creceu o ingreso, senón tamén como se repartiu. Unha análise máis detallada desta evolución inclúese no Anexo 2.


No Grafico 3 pódese observar unha leve tendencia crecente do Gini do ingreso rural, o cal foi de media do 0.46, por debaixo da media latinoamericana (0.48) (CEPAL, 2018). Ao comparar o Gini rural co Gini do ingreso urbano, este último si diminuíu, malia que a porcentaxe da poboación urbana creceu (CEPAL, 2018).




Ao mirar a distribución do ingreso por quintís (Grafico 4), pódense ver cinco curvas case totalmente planas, noutras palabras, a distribución do ingreso rural permaneceu virtualmente inalterada durante os dez anos de análise, polo que podemos dicir que (*ceteris paribus*) se os índices de pobreza cambiaron, non se debeu a unha redistribución máis equitativa do ingreso.



No Gráfico 5, é posible ver que a liña de pobreza, que se establece para cada ano en termos de moeda local, non cambiou practicamente nada durante o período 2004-2014, sendo de media igual a \$120.000 pesos constantes de 2010. Esta é unha das posibles razóns para que a pobreza diminuíra, malia que a distribución do ingreso non mellorara en nada.



Ao ter unha liña de pobreza cun punto de corte baixo (con respecto ao salario mínimo medio durante o período: \$507.140² (BCRC, 2016)) e virtualmente constante, asemade que unha redistribución do ingreso total e laboral practicamente nulas, un crecemento do ingreso rural positivo e unha redución na porcentaxe de poboación rural con respecto ao total, fan inevitable que, en termos da liña de pobreza, a pobreza caera (Gráfico 6).



Dito doutro xeito, a taxa de crecemento do ingreso per cápita (3.6%) sería maior que a suma da taxa de crecemento do Gini do ingreso rural (0.67%), da poboación rural (0.0042%) e da liña de pobreza rural (0.06%).


Para que a anterior tese sexa válida, supón que o crecemento do ingreso rural é proporcional ao crecemento do ingreso per cápita nacional, debido a que non se dispón da serie de ingreso per cápita rural. Tamén se debe ter en conta que isto só sería válido se se

² Para esta serie usouse o Deflator del PIB, ano base 2010 (CEPAL, 2018). Salario mínimo medio a prezos constantes 2010 (usando o Deflator implícito do PIB, (CEPAL, 2018)). A serie de salario mínimo tomouse do Banco Central da Republica de Colombia (BCRC) (2016).

<http://www.banrep.gov.co/es/indice-salarios>

supón que o crecemento deste ingreso é maior có decrecemento da participación dos sectores económicos rurais no PIB. Polo anterior, construírse a serie de ingreso per cápita rural, tomando o PIB total a prezos constantes (2005), a participación de Agricultura, gandería, caza, silvicultura e pesca no PIB e a poboación rural total. Inclúense estas últimas variables para corrixir a diminución da poboación e a perda de participación no PIB dos sectores rurais:

No Gráfico 7 pódese ver que, como se podía agardar, o comportamento do ingreso per cápita nas áreas rurais é semellante ao nacional, porén, a media do ingreso per cápita rural é moito menor (2.31% comparado có nacional (3.6%).



Ademais, como se dixo antes, a porcentaxe de poboación rural con respecto ao total caeu, sendo a taxa de crecemento da poboación rural moi achegada a cero (0.0042%) (gráfico 8). En resumo, con estes datos, a tese anteriormente exposta sobre as razóns da caída da pobreza (Gráficos 8 e 9), segue sendo válida, xa que nin sequera a suma das taxas de crecemento medio do Gini, poboación e liña da pobreza, superan a taxa de crecemento medio do ingreso per cápita rural, de forma que ao final a taxa de crecemento medio da pobreza rural media foi negativa (-3.3%):

$$2.31\% > (0.67\% + 0.0042\% + 0.06\%) > -3.3\%$$


Polo tanto, ao ser maior a taxa de crecemento medio do ingreso rural per cápita có crecemento medio da poboación e o crecemento medio da liña de pobreza, nun contexto onde a distribución do ingreso medio cambia moi pouco en comparación, fai que a pobreza monetaria (en prezos constantes de 2010) e, polo tanto, a indixencia (pobreza extrema) se reduzan en termos porcentuais (Gráfico 8).

En termos de incidencia da pobreza, con respecto á liña da pobreza rural, a porcentaxe de persoas cun ingreso per cápita menor ou igual á liña da pobreza, diminuíu do 44% en 2004 ao 24% en 2014 (CEPAL, 2018).

Sánchez (2015) amosa que a diminución da pobreza en Colombia no período 2002-2012 obedeceu a factores comúns como o crecemento económico, programas de transferencias condicionadas³, factores institucionais e do mercado de traballo, aumento da escolaridade media en 0.9 anos, aumento da taxa de ocupación e dos ingresos non laborais. Porén, esa diminución da pobreza non foi homoxénea, nin nas rexións, nin en cada un dos quintís da

³ Vale a pena resaltar, o programa de transferencias condicionadas, familias en acción, que en 2014, chegaba a 2.67 millóns de persoas en todo o país, a nivel rural e urbano (Angulo, 2016). Dado que nas áreas rurais hai unha maior persistencia da pobreza, este tipo de programas ten como reto, mellorar a cobertura e a recolección de datos a nivel rural, para acadar e focalizar este tipo de transferencias nas áreas rurais que é onde máis se necesitan (Angulo, 2016).

distribución do ingreso, niveis de educación e tampouco entre a área rural e a urbana, sendo a primeira máis intensa, elevada e permanente (Sánchez, 2015). A diminución da pobreza urbana estivo relacionada cunha redistribución do ingreso e cun aumento deste, pero a diminución da pobreza rural, en liña co xa dito neste artigo, foi resultado non de cambios na distribución do ingreso, senón do aumento dos ingresos non laborais, aumento da escolaridade e tamaño do fogar (Sánchez, 2015). Unha análise máis detallada inclúese no Anexo 3.



Malia a diminución da pobreza e indixencia (esta última, no período de estudo afectaba a un de cada catro habitantes rurais, de media), a poboación en áreas rurais aínda sofre moitas carencias, non só materiais, senón tamén de invisibilización política, violencia armada, institucional, infraestrutura, educación. Un grupo é especialmente vulnerable, as mulleres.

É importante saber que, en Colombia, durante o período de estudo, preto do 20% dos ingresos nos fogares rurais proviñan de mulleres (CEPAL, 2018). Ademais, arredor do 50% das mulleres rurais, adicábanse exclusivamente ao fogar (tarefas domésticas). Tamén, o 37 % das mulleres (maiores de 15 anos) dos dous primeiros quintís do ingreso per cápita participaron no mercado de traballo. Por parte dos homes, o 82% participaron laboralmente (CEPAL, 2018). No anterior, é posible ver a grande importancia das mulleres non só no fogar, senón tamén como fonte de ingresos e sostemento da familia no eido rural. Isto tamén é importante, se temos en conta que as diferenzas de xénero foron unha das causas de desigualdade do ingreso, acceso ao traballo, etc. das mulleres. Con respecto aos homes, un 15% máis da poboación feminina estivo baixo a liña de pobreza e un 23% máis estivo baixo a liña de indixencia (CEPAL, 2018), deixándoas nunha situación de maior vulnerabilidade económica, social, sexual e de violencia doméstica, etc.

A proporción do ingreso medio das mulleres con respecto aos homes, durante o período (2004-2014) foi moito maior a nivel urbano (77%) que a nivel rural (66 %) (CEPAL, 2018), o que evidencia unha vez máis a situación de vulnerabilidade e dependencia económica das mulleres nas áreas rurais.

O tempo de traballo remunerado e non remunerado en horas semanalmente foi de 54.77 horas para os homes e de 52.87 para as mulleres, das cales non eran remuneradas o 21% para os homes e o 77% para as mulleres (CEPAL, 2018).

O índice de feminidade da pobreza explica como a pobreza afecta en maior grao ás mulleres cós homes (CEPAL, 2018). Para o período 2004-2014, este índice creceu nun 7.5%, a nivel rural e a nivel urbano nun 12.4%. O índice de feminidade de indixencia

creceu a nivel rural no período 2004-2014, un 9%, e en zonas urbanas un 15% (CEPAL, 2018). É dicir, o grao no que as mulleres era afectadas pola pobreza aumentou no período de estudo, deixándoas nunha situación de maior vulnerabilidade social e económica.

En 2012, só o 18 % da poboación rural utilizara internet, en comparación co 45% nacional. Con respecto á asistencia escolar da poboación entre 7 e 24 anos, en 2004 o 58.5% recibiu educación e no 2014, esta porcentaxe chegou ao 65% da poboación, evidenciándose un crecemento medio do 1.17% na asistencia escolar (CEPAL, 2018).

Durante o período (2008-2014), o 26.8% dos fogares rurais no dispoñía do servizo básico de auga, o 13 % non dispoñía de electricidade e o 24 % de sumidoiros (CEPAL, 2018). Durante o período de estudo, o tipo de fogares conforme á condición de pertenza da vivenda, non presentou grandes cambios, e a media no período 2004-2014, era de 49% como propietario, o 10% inquilino e o 40% accedía á vivenda baixo outras modalidades de pertenza (CEPAL, 2018). Isto pode estar relacionado tamén coa estabilidade na distribución do ingreso.

A propósito do servizo de auga nas zonas rurais, Correa-Assmus (2017) fai vinculante o dereito á vida, ao do acceso á auga potable. Ao mellorar a oferta de auga, resultado de políticas institucionais, reducíronse os índices de pobreza rural (IMP e NBI), en cada unha das cinco rexións xeográficas de Colombia, baixo estudo (Correa-Assmus, 2017).

Correa Assmus (2017) atopou que ao diminuír nun punto porcentual a pobreza, aumentaba o acceso á auga en 2.68%, é dicir, hai unha relación elástica entre pobreza e acceso á auga, pero a relación tamén vai en sentido oposto, menor acceso á auga de boa calidade e potable, contribúe á reprodución da pobreza e ten efectos sobre o ingreso das familias rurais. Non só se trata de garantir o acceso a auga potable e de calidade, senón de todo o que iso implica no benestar individual, calidade de vida, saúde e medio ambiente dos poboadores rurais. Ao ser desprazados pola violencia armada ou por desastres naturais evitables ou cuxos efectos se poden mitigar, non só perden acceso á terra, senón tamén ao líquido vital (Correa Assmus, 2017).

O acceso al auga tamén está asociado á produtividade agrícola. Lozano e Restrepo (2016) atoparon que a produtividade dos principais 16 produtos cultivados, era explicada ata nunha terceira parte pola provisión de servizos e bens públicos por parte do Estado, especificamente o acceso á auga, nos distritos de irrigación e rego. Ademais, a área de cada propiedade agrícola está asociada á distancia aos depósitos de auga e aos centros de provisión e de mercado (o 82% das áreas rurais onde se cultivaban estes produtos estaba a tres horas ou máis destes centros de provisión), tamén á densidade da rede vial terciaria e electrificación rural. É indispensable unha maior provisión destes bens públicos e dunha maior regulación do uso da auga, para diminuír a vulnerabilidade de certos segmentos da poboación rural en canto acceso á auga potable para consumo e produción agrícola, tanto para o seu propio consumo, como aquela destinada ao mercado (Lozano e Restrepo, 2016).

A vulnerabilidade socioeconómica en zonas rurais causada pola pobreza, aumenta tamén a vulnerabilidade noutras dimensións, por exemplo, fronte a desastres naturais (Castillo, 2014). Ao comparar os diferentes tipos de vulnerabilidade chegouse á conclusión de que a vulnerabilidade perante desastres era menos grave que a vulnerabilidade social, económica, etc. Entre as poboacións rurais, debido a que a vulnerabilidade perante desastres se explica parcialmente pola vulnerabilidade social, económica, política e de vivenda, xa que a primeira é resultado en parte, dunha insuficiente provisión de bens e servizos públicos e un tradicional abandono Estatal, o que fai que nestas zonas sexa máis probable que non existan políticas públicas preventivas efectivas e eficientes que mitiguen os riscos asociados ás estacións de choiva e seca e cambio climático, agravando así, os

efectos prexudiciais potencialmente tráxicos que estes factores de riscos naturais teñen sobre a poboación rural (Castillo, 2014).

Dado que a xeografía, estrutura e configuración espacial e social dos territorios e municipios rurais, individualmente e tomados en conxunto, inflúen no acceso a certos recursos como a auga, tipo de solo, minerais a explotar, etc., así como no acceso a certos bens e servizos públicos, como centros de provisión, vías terciarias, electricidade, etc. e, á súa vez, inflúe nas relacións de cada área rural individual coas demais e cos centros urbanos, débese ter en conta na análise, un enfoque espacial. É por iso que Bedoya, Díaz e Ramírez (2014), afirman que se debe ampliar o enfoque de estudo tradicional de bidimensionalidade (urbana e rural), no que respecta á pobreza en Colombia, pois alomenos en canto á pobreza multidimensional se refire, sería máis axeitado un enfoque espacial que teña en conta a densidade poboacional de cada municipio e a súa distancia a outros municipios e centros urbanos, debido a que as grandes diferenzas neste tipo de pobreza se explican mellor por estas variables, xa que de media unha maior taxa de urbanización esta correlacionada negativamente cunha menor taxa e fenda de pobreza (Bedoya et al., 2014).

Ademais, o devandito enfoque, podería dar mellor conta dos efectos *spillover* entre municipios e centros urbanos e serviría como base para o deseño de políticas públicas enfocadas no fortalecemento da capacidade de xerar recursos fiscais propios dos municipios que teñen unha maior correlación espacial coa pobreza (Bedoya et al., 2014).

4. Discusión e conclusións

É necesario instituír un modelo de desenvolvemento rural incluínte que fomente a redistribución da riqueza e que evite os erros dos modelos pasados que só promoveron a violencia, a iniquidade e unha serie de ineficiencias económicas, que só perpetuaron e recrudesceron a violencia social e económica (Uribe, 2009). Estes modelos e políticas de desenvolvemento rural respondían moitas veces non á lóxica económica, senón a unha lóxica contrainsurxente, debido ao contexto de guerra civil que viviu o país dende xa hai case sesenta anos (Bejarano (1985), citado por Janvry e Sadoulet (1989) citado por Uribe (2009)). Por unha banda, capturaban ao Estado, promovendo a corrupción e a transferencia de rendas e, por outra, mantiñan a concentración da terra (Uribe, 2009). O modelo novo debe facer cambios en materia tributaria, como o aumento do imposto predial rural que dada a debilidade do Estado e a precariedade da economía na maior parte das zonas rurais é vital para mellorar a distribución do ingreso e da riqueza rurais (Uribe, 2009). Neste senso, Vargas e Villaveces (2016), atopan evidencia de que se o poder político e económico rurais (concentración do ingreso e riqueza) se dan simultaneamente nun municipio, existe unha correlación negativa coa recadación impositivo predial, pois os que posúen os devanditos poderes, inflúen e evitan aumentar a recadación predial, para así protexer os seus terreos improditivos e poder manter ou aumentar a concentración da terra.

Por outra banda, se o poder político ou económico é alto, pero non se dan simultaneamente, son relativamente independentes un doutro, existe unha maior probabilidade de que a recadación impositiva predial aumente, xa que, existen incentivos para actualizar o catastro en ámbolos dous casos, no primeiro para aumentar a recadación e extraer rendas para o beneficio persoal dos políticos e no segundo para reforzar legalmente os dereitos de propiedade das grandes propiedades e aumentar o seu valor (Vargas e Villaveces, 2016).

Os mecanismos polos que xeralmente se da o anterior é capturando el Estado, a administración pública, a través de alcaldías e concellos municipais, onde os poderes locais rurais poden influír na política pública, alterando as bases e taxas impositivas e polo

tanto a recadación, en beneficio dos seus propios intereses privados (Vargas e Villaveces, 2016).

En liña co anterior, Faguet, Sánchez e Villaveces (2015), atopan que a prevalencia dos grandes latifundios inhibe o desenvolvemento económico rural, debido a que os acordos institucionais destes grupos sociais levan á concentración da terra, o que, á súa vez, diminúe o ingreso agardado e, polo tanto, aumenta a pobreza da maioría dos poboadores rurais, pero tamén dificulta o acceso ao crédito, asistencia técnica, etc. Afirman que, se se quere instituír unha reforma rural e mellorar os resultados en materia de desenvolvemento, é necesario cambiar a estrutura de pertenza da terra (Faguet et al., 2015).

Neste traballo suponse que Agricultura, gandería, caza, silvicultura e pesca son sectores representativos da estrutura produtiva nas áreas rurais en Colombia, durante o período de estudo. Vale a pena notar que non se fan supostos adicionais sobre o tipo de produción usada e, polo tanto, tampouco sobre a propiedade rural (latifundista, produción a pequena escala, etc.), sinxelamente asúmese a súa ruralidade. Estes supostos son de tipo deterministas e son inherentes á definición de ruralidade aquí usada, polo tanto, débese ter precaución co alcance das conclusións feitas, pois ben poden non reflectir a situación da distribución do ingreso de certas comunidades, campesiños, pequenos agricultores, etc. cuxas características poderían non estar recollidas necesariamente na definición, invalidando a indución dos resultados aquí presentados, para algúns segmentos da poboación.

Para concluír, cómpre resaltar, que malia a diminución da pobreza, conforme ao criterio de liña de pobreza, durante o período de estudo arredor do 33% da poboación en áreas consideradas rurais, tiveron un ingreso inferior ao 70% da media do ingreso rural, ademais a distribución do ingreso en Colombia é percibida pola poboación, como altamente inequitativa, no 2015, o 85 % das persoas que responderon á enquisa a nivel nacional, declararon a distribución do ingreso como “inxusta” (CEPAL, 2018).

A percepción de pobreza en Colombia estivo asociada non só ao ingreso, senón tamén á calidade nutricional da canastra consumida e á violencia e desprazamento sufridos (Pinzón, 2016). En 2011, o 30% dos poboadores rurais percibíanse como pobres, en comparación co 53% a nivel urbano; isto pódese explicar parcialmente porque os colombianos, malia que se consideren pobres a si mesmos, de media, están satisfeitos coa súa vida, especialmente no caso de que o seu capital social sexa alto (Pinzón, 2016). A probabilidade de se declarar como pobre aumenta para os poboadores rurais en comparación cós urbanos, incrementándose tamén no caso de desprazamentos forzados nun 8.5% (Pinzón, 2016).

O PIB per cápita colombiano no 2016 foi equivalente ao 24% do PIB per cápita dos Estados Unidos e ao 36% do PIB per cápita da Unión Europea, a prezos internacionais constantes de 2011 (PPA). A desigualdade do ingreso para un país cun ingreso per cápita baixo en comparación cos países desenvolvidos está correlacionada positivamente cunha maior pobreza e polo tanto ten impactos negativos no benestar e calidade de vida da poboación, polo que se debería ter en conta na formulación e execución de políticas públicas (Hernández, 2015; Fajardo, 2003). Cómpre impulsar o desenvolvemento industrial xa que propicia o desenvolvemento económico dos sectores non industriais e permite dispoñer de maiores recursos para erradicar a pobreza.

Referencias

Acosta, O. L., Botiva León, M. A., Ramírez Jaramillo, J. C., & Uribe, L. J. (2016). La protección social de la población rural en Colombia: una propuesta desde la perspectiva de las familias y sus necesidades.

- Angulo, R. (2016). Cuatro lecciones aprendidas con la implementación del programa de transferencias monetarias condicionadas de Colombia. Inter-American Development Bank.
- Banco Mundial. (2018). Database: World Development Indicators. Retrieved from <http://databank.worldbank.org/data/reports.aspx?source=2&country=COL>
- Binswanger, H. P., Deininger, K., & Feder, G. (1995). Power, distortions, revolt and reform in agricultural land relations. *Handbook of development economics*, 3, 2659-2772.
- Casas, J. A. (2015). Metodologías de estimación de la línea de pobreza absoluta en Colombia: una reflexión/Methodologies for the estimation of absolute poverty line in colombia: a reflection. *REVISTA ECONÓMICAS CUC*, 36(1), 113-126.
- Castillo, M. (2014). Cómo se construye la vulnerabilidad en Cundinamarca, Colombia, o la historia de la eterna pobreza (de la vivienda) rural. *Bulletin de l'Institut français d'études andines*, (43 (3)), 559-585.
- Centro Nacional de Memoria Histórica. (2013). *La política de reforma agraria y tierras en Colombia*. 1ª Edición. Imprenta Nacional de Colombia. Bogotá D.C. 207 p.
- CEPAL. (2018). CEPALSTAT, Bases de datos y Publicaciones estadísticas. En CEPALSTAT. http://interwp.cepal.org/cepalstat/WEB_CEPALSTAT/Portada.asp?idioma=e
- Correa, E. P. (2012). América Latina: nueva ruralidad y exclusión social. *Polígonos. Revista de Geografía*, (15), 171-199.
- Correa-Assmus, G. (2017). Acceso al agua, pobreza y desarrollo en Colombia. *Revista De La Universidad De La Salle*, (72), 27-46.
- Corredor, A. (2016). Empleo y productividad laboral agropecuaria en Colombia (No. 176). Naciones Unidas Comisión Económica para América Latina y el Caribe (CEPAL).
- DANE. (2016). Conceptos básicos. En Departamento Administrativo Nacional de Estadísticas. https://www.dane.gov.co/files/inf_geo/4Ge_ConceptosBasicos.pdf
- Domínguez Moreno, J.A. (2011). *Informalidad Laboral y Pobreza Urbana en Colombia*. Universidad del Valle, Cali, Colombia. Documento de Trabajo nº 134
- Faguet, J. P., Sánchez, F., & Villaveces, J. (2015). Land reform, latifundia and social development at local level in Colombia, 1961-2010.
- Fajardo Montaña, D. (2013). Colombia: dos décadas en los movimientos agrarios. *Cahiers des Amériques latines*, (71), 145-168.
- Fajardo, D. (2003). Propuesta para algunos contenidos del proyecto de la ley orgánica de Ordenamiento Territorial (LOOT) referidos en especial a asentamientos humanos y sector agrario. *Red de Estudios de Espacios y Territorio. Espacio y Territorios. Razón pasión e imaginarios*. Universidad Nacional de Colombia.
- Fajardo, D. (2015). Estudio sobre los orígenes del conflicto social armado, razones de su persistencia y sus efectos más profundos en la sociedad colombiana. *Conflicto social y rebelión armada en Colombia*.
- Gáfaró, M., A. M. Ibáñez, et al. (2014). *Equidad y eficiencia rural en Colombia: una discusión de políticas para el acceso a la tierra. Equidad y movilidad social: Diagnósticos y propuestas para la transformación de la sociedad colombiana*. M. Meléndez and A. Montenegro. Bogotá, Ediciones Uniandes.
- Guisan, M.C., Aguayo, E. (2002). Education, Industry, Trade and Development of American Countries in 1980-99, *Applied Econometrics and International Development*, Vol. 2-1, on line at Ideas.Repec.
- Guisan, M.C., Aguayo, E. (2015). Manufacturing and Development in Countries and Areas of America, 2000-2010", *Regional and Sectoral Economic Studies*, Vol. 15-1, on line at Ideas-Repec.
- Harvey, D. (2006). Space as a Keyword. In *Spaces of global capitalism*, N.Y.

- Hernández Fontecha, C. A. (2015). Concentración de la tierra en Colombia un obstáculo para el crecimiento: impacto sobre la producción agrícola de los departamentos-período 2000-2011. Retrieved from: <https://ideas.repec.org/p/col/000149/007932.html>
- Ibáñez Londoño, A. M. (2011). El desplazamiento forzoso en Colombia: un camino sin retorno hacia la pobreza. Cuadernos Geográficos, 48(1), 301-303.
- Ibáñez, A. M. (2016). El proceso de paz con las farc: ¿una oportunidad para reducir la pobreza rural y aumentar la productividad agropecuaria? Revista de Ingeniería, (44).
- Ibáñez, A. M., & Moya, A.M. (2010). Do conflicts create poverty traps? Asset losses and recovery for displaced households in Colombia. In The economics of crime: Lessons for and from Latin America (pp. 137-172). University of Chicago Press.
- Iregui-Bohórquez, A. M., Melo-Becerra, L. A., Ramírez-Giraldo, M. T., & Tribín-Urbe, A. M. (2016). Ahorro de los hogares de ingresos medios y bajos de las zonas urbana y rural en Colombia. Borradores de Economía; No. 960.
- Joumard, I., & Londoño-Vélez, J. (2013). Income Inequality and Poverty in Colombia-Part 1. The Role of the Labour Market (No. 1036). OECD Publishing.
- Lozano, I., & Restrepo, J. (2015). El papel de la infraestructura rural en el desarrollo agrícola en Colombia. Borradores de Economía, 904, 2-38.
- Ortiz, I., Cummins, M. (2012). Desigualdad Global: La distribución del ingreso en 141 países. UNICEF: https://www.unicef.org/socialpolicy/files/Desigualdad_Global.pdf
- Parra-Peña, R. I., Ordóñez, L. A., & Acosta, C. A. (2013). Pobreza, brechas y ruralidad en Colombia. COYUNTURA ECONÓMICA.
- Pinzón Gutiérrez, L. F. (2017). Factores asociados a la pobreza subjetiva en Colombia: un estudio desde el enfoque de las capacidades y la economía de la felicidad. Revista Desarrollo y Sociedad, (78), 11-57.
- Ramírez, J. M., Bedoya, J. G., & Díaz, Y. (2014). Convergencia social en Colombia: el rol de la geografía económica y de la descentralización (No. 012499). FEDESARROLLO.
- Ricardo, D. (1821), (2003). Principios de economía política y tributación. Ediciones Pirámide, año 2003.
- Sánchez, R. M. (2015). Descomposiciones de los cambios en la pobreza en Colombia 2002-2012. Desarrollo y Sociedad, (75), 349-398.
- Suarez, A., Árias-Arévalo, P. A., & Martínez-Mera, E. (2017). Environmental sustainability in post-conflict countries: insights for rural Colombia. Environment, Development and Sustainability, 1-19.
- Suárez, L. G. (2014). La minería manual en Colombia: Una comparación con América Latina. Boletín de Ciencias de la Tierra, (35), 37-44.
- UNICEF. (2017). Observatorio del Bienestar de la Niñez. Boletín Especial: Una doble mirada al trabajo infantil en Colombia.
- Uribe, M. (2009). El veto de las élites rurales a la redistribución de la tierra en Colombia. Revista de Economía Institucional, 11(21).
- Vargas, J., & Villaveces, M. J. (2016). Rural Property Tax Revenue in the Face of Economic Concentration and Political Competition: Evidence from Colombia (No. 945). CAF Development Bank Of Latinamerica.
- Vergara, W. (2010). La ganadería extensiva y el problema agrario. El reto de un modelo de desarrollo rural sustentable para Colombia. Revista ciencia animal, 3, 45-53.

Anexo on line en: <http://www.usc.es/econo/RGE/sumarioc.htm>

Revista Galega de Economía: <http://www.usc.es/econo/RGE/benvidag.htm>